



EXPLICACIÓN DAS PROBAS

De que partes constan as probas?

A proba divídese en 3 partes (aínda que os exames son 6):

- SOCIOLINGÜÍSTICA: Lingua castelá, Lingua galega, Ciencias sociais.
- MATEMÁTICA: Matemáticas.
- CIENTÍFICO-TÉCNICA: Ciencias da natureza, Tecnoloxía.

Como son os exames?

Son tipo test con 3 alternativas de resposta a escoller 1. Por cada 4 preguntas mal contestadas, descóntase 1 correcta. As preguntas que se deixan en branco non descuentan.

Como podo saber que puntuación saquei?

Cada exame trae as respostas na última páxina. Podes calcular a túa puntuación empregando a fórmula que figura na táboa de solucións.

Cumpre imprimir os exames?

Non é necesario, podes ler as preguntas nun dispositivo (ordenador, móbil, tableta) e empregar unha destas opcións:

- Contestar na plantilla en branco que tes colgada na aula virtual (nomeada "*Plantilla en branco solucións*") ou
- Apuntar nun caderno as respostas a cada pregunta e comprobar despois os resultados coas solucións que figuran ao final de cada exame.

Onde se poden consultar as probas de convocatorias anteriores?

Están colgadas no seguinte [enlace](#) aínda que precisas ter instalada algunha aplicación para abrir arquivos comprimidos. Hai unha versión azul e outra amarela pero ambas son versións do mesmo exame coas preguntas ordeadas de distinto xeito. É suficiente con descargar unha das versións.

Podes consultar directamente os exames da última convocatoria nunha carpeta da aula virtual nomeada "*PROBAS 2019*".